

Permiso por hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario (Art. 108 da L. 2/2015 do emprego público de Galicia)

Vista a modificación das Instrucións sobre réxime de vacacións, permisos e licenzas publicada no DOG o 13 de febreiro de 2017 que se toma como referencia para xestionar estas materias e tendo en conta, tanto as peculiaridades do réxime xurídico aplicable ao PAS desta universidade, como a modificación do apartado c) da disposición adicional primeira da Lei 2/2015, a tramitación deste permiso desenvolverase considerando:

1. Con independencia dos días que o familiar estea hospitalizado ou con repouso domiciliario a duración do permiso será de tres días hábiles se o feito causante se produce na mesma localidade ou cinco días hábiles no caso de producirse en localidade distinta.
2. Non será considerada hospitalización a estancia nun centro hospitalario cando non inclúa unha noite e unha comida principal.
3. A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:
 - a) Fotocopia do libro ou libros de familia, ou documento que o substitúa, da certificación do Rexistro Civil ou ben da inscrición en calquera rexistro público que acredite o grao e a relación familiar.
 - b) No caso de intervención cirúrxica sen hospitalización que requira repouso domiciliario: informe do centro sanitario no que se faga constar a data da intervención cirúrxica e a necesidade de repouso domiciliario.
 - c) No caso de hospitalización: informe do centro hospitalario no que conste a data e hora de ingreso e de alta; ou a data e hora de ingreso e a continuación da hospitalización no día en que se emite o informe.
4. Esta documentación deberá ser entregada á persoa responsable da unidade ou servizo correspondente no prazo máximo de tres días hábiles dende a finalización do permiso, quen a remitirá ao Servizo de PAS.



Vigo, 14 de febreiro de 2017

O xerente,

Manuel Fernández Jauregui

Universidade de Vigo - Rexistro Xeral
Saída Nº. 201700003187 20/02/17 09:17:36